

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2017

No Salón de Plenos do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de agosto de 2017 reúñese ás 20:35 horas por contar con quorum suficiente, O PLENO DA CORPORACIÓN en sesión extraordinaria convocada para as 20:30 horas de dito día.

Preside o señor Alcalde DON JOSÉ TOME ROCA do Grupo Socialista.

Asisten os seguintes concelleiros:

Grupo municipal Socialista: DNA.GLORIA M^a PRADA RODRIGUEZ, D.IBAN TORRES RODRÍGUEZ, DNA. M^a PILAR ESPINOSA NOVELLE, D.JOSÉ LUIS LOSADA FERNÁNDEZ.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.EMILIO JOSÉ SÁNCHEZ IGLESIAS.

Grupo municipal de Esperta Monforte: DNA. M^a ISABEL GARCÍA DÍAZ.

Non adscritas/o: DNA. M^a ALICIA I. CADARSO PALAU, DONA MARIA XOSE VEGA BUJAN - incorpórarse á sesión ás 20:39 horas-, D.VÍCTOR LÓPEZ MATEO.

Actúa como **Secretaria Accidental** da Corporación dona Elisa Martínez Arias, que dá fe do acto.

Non asisten DNA. MARIA M^a DOUTON RAJO (Grupo Socialista), D^a. M^a JULIA RODRIGUEZ BARREIRA, D. EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, DNA. M^a PURIFICACION ARGIZ QUINTAS, D. FRANCISCO JOSE CELA RODRÍGUEZ, D. MANUEL JESÚS LÓPEZ SÁNCHEZ (**Grupo municipal do Partido Popular**), e DNA. MARÍA PILAR LÓPEZ MARTÍNEZ (Non adscrita).

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

- 1. Estudio e elaboración polo Pleno de alegacións ó anteproxecto de Lei polo que se modifica a lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia. (Solicitar que Monforte continúe sendo área sanitaria)**

Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, coa supresión dun dos apartados do acordo ditaminado tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

O Pleno do Concello adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

“1. Retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia polos seguintes motivos:

Rexeitamos o anteproxecto de Lei para modificar a lei 8/2008 de Saúde de galicia porque é un paso máis para facer desaparecer recursos, especialidades e profesionais, así como a participación da cidadanía na planificación dos recursos sanitarios a través dos consellos de saúde.

A supresión da área de Monforte afastará a resolución dos problemas da cidadanía e dos/as traballadores/as porque con menos medios nos hospitais comarcais a alternativa será desprazarse ós grandes hospitais e á marxinación dos centros de saúde na atención primaria.

O desmantelamento das áreas sanitarias é contrario ós principios recollidos na Lei Xeral de Sanidade, na que se recolle que se crearán as áreas de saúde tendo en conta os factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais epidemiológicos, culturais, climatolóxicos e de dotación de vías e medios de comunicación atendendo ás necesidades sanitarias da poboación de cada área.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde, tras disculpar a ausencia de Dna. Marina Douton por motivos laborais e referirse á proposta de acordado, dálle a palabra a Dna. Francisca Vázquez Macía en representación da Plataforma en defensa da Sanidade pública de Monforte (PLADESAPU), e a Dna. María Teresa Fernández Conde, en representación da Xunta de persoal do Hospital de Monforte, segundo o previsto no art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello.

A representante da PLADESAPU agradece ao Alcalde que lles permita participar. A primeira vez que a Plataforma veu a este Pleno, o 25 de febreiro de 2010, facíao para os veciños de Monforte e dos Concellos próximos, para que participen en proxectos que incumben á saúde, xa se falaba da falta de autonomía de Monforte e da dependencia de Lugo. Lamentablemente, volvemos porque o tempo dános a razón. Cada vez que esta Plataforma actúa, aparece o PP. No ano 2010, a consecuencia da masiva manifestación que houbo en Monforte, o Presidente da Xunta veu dicir que Monforte sería área sanitaria. O certo é que dependemos dun xerente en Lugo, ata para poñer unha lámpada. Anos despois, volven os coros e danzas do PP, que seguen ignorando á cidadanía. Fáltannos médicos, non hai de dixestivo ou urólogos, non se cobren as baixas, aumentan as listas de espera, hai contratos de curta duración e desviacións a Lugo, moven médicos para non telos propios de Monforte. Recibimos queixas tódolos días. É un problema estrutural, non hai capacidade de decisión. En pleno verán, anuncian a modificación da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, cun novo criterio territorial –Monforte pasa de área a distrito, con criterios exclusivamente económicos, incumprindo o acceso á sanidade en condicións de igualdade- e un baleirado dos órganos de participación. A Consellería di que o de distrito é só un cambio de nome. A Plataforma non se fia, é necesario que tódolos membros desta Corporación xunto cos once municipios da área, os veciños, o tecido comercial e demais, solicite a retirada do anteproxecto de lei de modificación da lei de saúde. Non estamos de acordo co punto 2 da proposta, pedimos que se elimine.

(O punto 2 da proposta ditaminada di o seguinte: “*Conformación dun grupo de trabalho, que inclúa a representantes de todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia, Fegamp (contando con todos os concellos afectados), sindicatos, asociacións de pacientes e outros colectivos de relevancia no eido sanitario galego, para determinar as posibles necesidades de modificación da legislación sanitaria. Este grupo de trabalho elaborará un informe de conclusións que será de acceso público e que proporá as posibles melloras normativas no sistema sanitario galego, de ser precisas. De ser preciso algúnhha modificación da actual Lei, crearanse grupos de trabalho en cada comarca dos Hospitais afectados pola reforma.*”).

A representante da Xunta de persoal di que pouco máis ten que decir trala anterior intervención e agradece que se lle dea a palabra neste Pleno. Tras anunciarase a modificación da Lei de saúde de Galicia, dende a Xunta de persoal do Hospital de Monforte rexetamos o anteproxecto; solicitamos unha reunión co Alcalde e coa Xunta de voceiros e aí vimos a proposta para este Pleno. A Xunta de persoal mostrou o seu acordo unánime co punto 1 da proposta, pero non está de acordo co punto 2, que non é necesario trala retirada do anteproxecto.

A continuación, prodúcense as quendas ordinarias dos membros da Corporación:

Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, di que lle escoitou a Rajoy que os grupos políticos deberían estar unidos contra o terrorismo, tamén a sanidade, xunto coa educación, deberían ser lexisladas por tódolos grupos que representan á poboación. Temos o exemplo aquí de que o goberno de Feijóo non o entende así, e presenta un anteproxecto aproveitando as datas estivais para facelo público. Tamén na educación aconteceu que o último día do curso anunciouse o peche de centros educativos nas Pontes ou en Ribadavia, sen consenso con ninguén. Fago un inciso para desculpar a ausencia de Pilar López por unha viaxe prevista con anterioridade. A perda de autonomía xa se deu coa EOXI, vaise á centralización de servizos en grandes hospitais. O goberno de Feijoo busca a privatización da sanidade, entendida como sistema de concerto. O anteproxecto anticipa graves consecuencias; mántense nel certa literatura pero priman as prioridades económicas da Xunta e non as necesidades da poboación, coa consecuencia do desprazamento a Lugo. A centralización dos recursos vai prexudicar a atención primaria. Quen fala é profesional sanitaria en Monforte, onde globalmente hai calidade asistencial. Que quixo dicir o conselleiro Sr. Almuíña con que a calidade ten que ver cun número suficiente de casos? A solución fácil será xuntar pacientes, con desprazamento destes, nun entendemento enganoso da calidade. A Consellería quixo dar unha imaxe de consenso nunha reunión á que nos convidou. Seguirei logo con isto.

Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, di que en moitas cousas coincide con Alicia Cadarso. Traballamos as dúas no Hospital de Monforte e fago miñas e de Esperta Monforte as palabras que acabo de escutar. Vemos con preocupación este anteproxecto. É un insulto para a cidadanía que vega a luz o 2 de agosto, non é casual senón feito con intencionalidade. É un plan que xa se ía facer en 2010 e pola presión social se pospuso, materializándose coa creación das EOXI, onde nos quitaron a cabeza, e o anteproxecto quítanos os pés, co que o Hospital de Monforte non vai poder pensar, andar ou decidir. Na reunión antes referida estivo todo o staff da Consellería. O texto é ambiguo, Esperta Monforte xa fixo unha nota de prensa o 4 de agosto, empéñanse en quen non se modifica nada. Entón para que se fai? Por que tantas molestias e todo o staff da Consellería en pleno agosto? Nesa reunión, en Santiago, estaban alcaldes, tamén a alcaldesa de Folgoso do Courel, que sendo do PP, dixo que había que cubrir a asistencia sanitaria nesa zona. Veciños do Courel manifestáronse hoxe no Hospital de Monforte -xa que só teñen un médico e unha enfermeira que van por días a Folgoso e a Seoane- cunha pancarta e presentaron firmas de protesta. Monforte vai ser distrito, quixeron facernos ver que iso non quiere decir nada. Hai lugares como Cee ou Verín, cun hospital de referencia, como aquí, que tamén serán distritos, pero é que xa o eran, e en lugar de pasar eses á área, baixamos nós a distrito. En Verín, o persoal de cirurxía está localizable pero non está no hospital. En Monforte estase trasladando a Lugo a pacientes para drenaxes torácicas -é unha intervención fácil que fai un cirurxián xeral- e logo volven á súa habitación en Monforte.

(Está ausente o Grupo do PP).

D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, di que a Consellería vén de presentar o anteproxecto de lei polo que modifica a lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia, con nocturnidade e aleivosía, en pleno mes de agosto, con moitos profesionais de vacacións, sen diálogo previo, cun prazo de alegacións de 15 días -é certo que se ampliou- en pleno período vacacional. Esta modificación afecta negativamente á calidade asistencial. Non prioriza as necesidades, senón os recursos que se destinan á sanidade, que o PP non deixou de recordar dende que volveu á Xunta. Suprímense as áreas territoriais e créanse sete más grandes que se corresponden coas EOIXIS -creadas cando se iniciou a folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias-, afastando a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores. A perda das xerencias nos hospitais comarcrais significou a perda de capacidade decisoria. A atención primaria necesita un maior impulso. A situación vaise

agravar aínda máis, os hospitais comarcas van ser meros apéndices dos grandes hospitais. Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante. O PP pretende levalo a cabo sen unha avaliación das consecuencias da creación das EOXIs. O BNG oponse a esta modificación, o seu modelo sanitario vai na dirección contraria. Este é o argumentario da moción presentada para o Pleno ordinario de setembro, volverei con isto no próximo Pleno. Méntennos ata máis non poder. Dixeron que sería a lexislatura do rural, vai ser a de rematar co rural.

O Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, di que se antes estaba convencido de ter este Pleno, despois da reunión en Santiago coa Consellería, está seguro de que é necesario facer visible isto aos monfortinos. Queren cambiar unha lei de 2010, dun goberno anterior, por non tela desenvolvido. Tratan de enganar, dicindo que non cambia nada, cando na realidade cambia moito. O propio Secretario xeral da Consellería dixo que cambiaba a participación dos consellos de saúde, a autoridade sanitaria, a organización territorial –fundamental para nós-, o persoal, a investigación e a docencia e a comisión interdepartamental sanidade-educación. Din que son meras reformas administrativas, pero levan consigo cambio, son as que dan lugar a cambios, non as declaracions políticas. Con esta modificación da lei, o PP borra do mapa a área sanitaria de Monforte. Onde está o compromiso de Feijoo de Monforte como área sanitaria? Dicía que os demais queríamos alarmar, pero o que mentía era Feijoo. Mente descaradamente e dedícarse a xogar coa xente e coa súa saúde. Din que montamos un circo. Os que poden ter seguros privados son os que o consideran un circo. O circo faino o PP, cunha modificación da lei en plenas vacacións e pola porta de atrás. Temos unha especialista en enganar a xente, que é a portavoz do PP; lamento que non estea presente aquí para poder dicirlo persoalmente. A voceira do PP defraoudoume por completo. Tiña que estar aquí dando a cara, defendendo a súa posición. Pon os seus intereses porriba dos dos monfortinos. O Hospital de Monforte perde totalmente a autonomía para ser unha mera sucursal. A xestión integrada foi moi negativa para Monforte, por máis que nos digan, queren consolidalo e aumentalo. Os distritos, non se sabe moi ben o que é. O Hospital de Monforte vai ser de referencia no distrito, por que nos toman, é que non hai outro. Se fosen tan boas as áreas provinciais, non habería tres áreas na provincia da Coruña e dúas na de Pontevedra. Nos sete lugares de hospitais pequenos, agás no Barbanza, non goberna o PP, que casualidade. A modificación da lei é mala polo que di e tamén polo que non di. Hai moitos aspectos que irán a Decreto, sen control do Parlamento. Os servizos concéntranse na área sanitaria, en Lugo no noso caso. Os recursos non serán propios, senón da área. Pagaremos o pato, por máis que se nos chame distrito. Non foi en catro especialidades, como din, senón en dúas –oncoloxía e dixestivo- que viñeron especialistas de Lugo a Monforte. Non son rigorosos nos datos. Por que veñen especialistas de Lugo? Porque en Monforte os servizos están en precario; se aquí estivesen ben dotados os servizos, non virían especialistas de Lugo.

Dna. Alicia Cadarso Palau di que a sanidade é un problema a día de hoxe, porque os recursos van diminuír, grazas á política laboral do Partido Popular, xa que os salarios son pequenos e as cotizacións baixan. É un problema serio e o PP debería manifestalo e comunicalo aos demais para solucionalo. Posiblemente haxa que revisar moitas cousas, porque cobra igual quen traballa moito e quen traballa pouco, hai que dicilo. Na reunión de Santiago, xustificouse o distrito porque posibilita que o persoal teña que ir onde o xerente o mande, agora consíguese porque vai voluntariamente, o caso do oncólogo ou do alergólogo. É que non hai lista de espera en Lugo? É que eses que veñen cubrir unha urxencia – o que estaría ben, pero é pola precariedade que hai aquí- non deixan de atender alí? En Vigo, por exemplo, hai tres anos de espera para unha prótese de cadeira. Se chaman a alguén para a concertada, entendo que queira ir. É un aforro? Non; só operan, as revisións e complicacións veñen á pública.


Dna. Maribel García Díaz di que o Hospital de Monforte ten as mellores enquisas do Sergas na calidade da asistencia e no coñecido polos pacientes. Houbo unha reflexión nun acto na Casa da Cultura de que os xinecólogos de Monforte non tiñan casos suficientes, coa calidade por iso en discussión. Pois ben, en Lugo tamén hai espera para as próteses de cadeira, e no noso hospital, tan

precario, hai a circunstancia de que esa intervención faise nas horas seguintes ou ao seguinte día, seño porque traballo no servizo; en Lugo, está o paciente dez ou quince días na cama con dor. Esa é a xustificación da calidade. Con este anteproxecto, se a cidadanía non o para, o futuro non será para ben, traballándose para privatizar o que queda por facer nese sentido. Alto e claro solicita Esperta Monforte a retirada do anteproxecto e que se traballe de verdade polo rural. Esperta Monforte apoia a petición dunha postura unánime con só o punto 1 da proposta de retirada do anteproxecto, iso é o importante. Se temos que manifestarnos, fagámolo, pero este goberno non vai mudar por iso; hai que ir máis alá e facer mobilizacións, contra todos non poden. Isto é moi serio, hai que poñerse a traballar.

D. Emilio José Sánchez Iglesias di ao fío da xuntanza de Santiago, que saíu preocupado, foi unha reunión de trámite na que nos querían tomar o pelo. En lugar de vir a Monforte, fixéronnos desprazar a nós. Podía entendelo, pero cando o delegado provincial e o séquito correspondente veñen despois a Monforte, tamén o podían ter feito para a reunión. Din de blindar o funcionamento do Hospital, a única maneira de blindalo é dotalo de servizos e devolverlle a capacidade de xestión. Sobre retirar o punto 2 da proposta, está ben, pero eu mudaría para instar á Xunta -tras retirar o anteproxecto, dende o Concello cun grupo de traballo cos grupos políticos, a Plataforma, asociacións veciñais- a facer o posible para a consolidación do Hospital de Monforte.

O Sr. Alcalde di que está o que o anteproxecto de lei non di, xa que prevé regular por Decreto os consellos galegos de saúde, as áreas xeográficas, os distritos, as zonas sociosanitarias, a mobilidade do persoal ou o departamento entre educación e sanidade. O proxecto é ambiguo. Cambia o mapa sanitario e redúcenos a un simple distrito. Concentra os recursos nos grandes hospitais. Baleira de contido a participación nos consellos de saúde. Non van vir especialistas, desprazaranse os pacientes a Lugo. Empeorarán coa mobilidade as condicións laborais. Haberá mingua de servizos á cidadanía. Máis alá diso, o que é lamentable é o comportamento do Grupo do PP, non asistindo ao Pleno, que é a súa obriga. Teñen o mesmo comportamento que os antisistema ou os do 15-M, a quen representan se non están aquí. A moitos do PP, neste momento estáselles revolvendo as tripas. O Grupo do PP está ninguneando á institución municipal. Non están aquí porque saben que temos razón. Non veñen aquí a defender o noso hospital, nin a sanidade para todos. É un comportamento irresponsable. A voceira do PP só fai xustificar a política de recortes do PP, ningunha acción ten en positivo para Monforte. O PSOE non vai ser cómplice da política sanitaria do PP, que favorece á privada e prexudica á pública. Pediría que rectifiquen polo ben de todos. Debemos dar unha resposta conxunta, se para iso retiramos o punto 2, non hai problema. A alegación do Pleno ao anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia será o punto 1 cos tres apartados argumentais que ten. Iso é o que se somete a votación.

Non habendo mais asuntos que tratar, sendo as 21:37 do expresado día, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal, como Secretaria Accidental, dou fe.



Aug 6 1971
• 60122-6